



CONCELLO DE BURELA

BANDO

FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2020: RÉXIME DE AUTORIZACIÓN E PROHIBICIÓNS

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA FAI SABER:

PRIMEIRO. No ámbito da nosa Comunidade Autónoma e, de xeito particular, no noso Concello, a chegada do solsticio do verán celébrase con ocasión da festividade de San Xoán, entre a noite do día 23 ao 24 de xuño, de cada ano. Así, da súa relevancia dá conta o feito de que o Decreto 81/2019, do 27 de xuño, declarase festividade laboral autonómica neste ano 2020, o día 24 de xuño.

Como é sabido, a devandita festividade do San Xoán asociase indefectiblemente á tradición, costume e/ou rito, popular de prender na súa véspera – na noite do 23 de xuño -, fogueiras ou cacharelas ao aire libre, comunitarias e/ou particulares, na vía pública ou en parcelas privadas, ao redor das cales a veciñanza celebra o devandito evento ou festa popular.

Porén, como tamén é coñecido, este ano 2020, como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, as diversas Administracións Públicas competentes, están adoptando diversas medidas de contención, coa finalidade de frear a propagación do referido virus, minimizar o seu impacto posible sobre a saúde pública e evitar o colapso do sistema sanitario.

A estes efectos, no presente caso, debe terse en conta que, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o Decreto 90/2020, do 13 de xuño, dispuxo a superación da Fase 3 do Plan para a desescalada das medidas extraordinarias adoptadas polo Goberno do Estado para facer fronte á pandemia do COVID-19, e a entrada na “nova normalidade”, e todo elo, polo que aquí interesa, nos seguintes termos,

“A superación da fase III debe levar consigo a adopción, por parte das administracións competentes, das necesarias medidas de prevención que permitan seguir facendo fronte e controlando a pandemia, tendo en conta a subsistencia dunha situación de crise sanitaria, polo que o afrontamento da crise seguirá efectuándose en Galicia a Administración autonómica no pleno exercicio das súas competencias, de acordo coas potestades que lle recoñece a lexislación sanitaria e de emerxencias. Para estes efectos, manterase a declaración de situación de emerxencia sanitaria efectuada polo Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 13 de marzo de 2020.”

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5QE5P5EPWRYZPF74KMITTKXRQ5 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 6



En particular, será aplicable o disposto no Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, de conformidade co seu artigo 2.

*Así mesmo, no marco indicado, **serán aplicables, desde as 00.00 horas do día 15 de xuño, as medidas de prevención recollidas no Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, publicado no Diario Oficial de Galicia número 115, do 13 de xuño de 2020, pola Resolución do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, nos termos indicados no dito acordo***".

Pois ben, entre as medidas que establece o devandito Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, en relación coas festas, verbenas, e outros eventos populares análogos, dispónse no seu punto cuarto, letra c), que "**Sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, a Administración autonómica poderá permitir o restablecemento, a partir do 1 de xullo, das actividades que se indican a continuación, nas condicións que previamente ela estableza: [...] As festas, verbenas e outros eventos populares, así como atraccións de feiras**".

En conexión co disposto no referido punto do acordo autonómico referido, a medida 3.35 contida no seu Anexo, establece que "**As festas, verbenas e outros eventos populares, así como as atraccións de feiras, sempre que a evolución da situación epidemiolóxica así o aconselle, poderán restablecer a súa actividade cando a Administración autonómica así o permita, de conformidade co establecido no punto cuarto do acordo polo que se aproban as medidas contidas no presente anexo**".

SEGUNDO. Certamente, de conformidade co disposto nos artigos 28 e 39 e seguintes da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, e 5 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o Concello de Burela ostenta as competencias de intervención e control administrativo sobre a celebración das verbenas e outros eventos populares celebrados no ámbito do seu termo municipal, entendendo que estes se erixen como actividades recreativas nos termos definidos nos artigos 39.1 e 3 b) de sendas normas legais autonómicas - "*Entenderase por actividades recreativas aquelas que ofrecen ao público, espectadores ou participantes, actividades, produtos ou servizos con fins de recreo, entretemento ou lecer*" -.

A tal efecto, no apartado II.5 do Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado en virtude do Decreto 124/2019, do 5 de setembro, as verbenas e festas populares defínense como "*Aquelas que se celebran xeralmente ao aire libre ou na vía pública con motivo de festas locais, patronais ou populares, con actuacións musicais, bailes, barracas, fogos de artificio, hostalaría e restauración*".

Pois ben, neste caso, a festividade do San Xoán, debe entenderse como unha actividade recreativa ao erixirse como unha festa popular que se celebra ao aire libre ou na vía pública no marco da cal a veciñanza desenvolve diversas actividades - musicais, gastronómicas, etc. -, e entre elas, as fogueiras ou cacharelas.

Pola contra, non terá tal carácter de actividade recreativa consonte o artigo 2 da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, aqueles actos ou celebracións de carácter privado ou familiar que non se efectúen en establecementos abertos ao público e que, polas súas características, non

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5QE5P5EPWRYZPF74KMITTKXRQ5 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 6



supoñan ningún risco para a integridade dos espazos públicos, para a convivencia entre a cidadanía ou para os dereitos de terceiros, así como as actividades efectuadas en exercicio dos dereitos fundamentais de reunión e manifestación.

Porén, tal e como se expresou no apartado primeiro deste Bando, de conformidade co disposto no Decreto 90/2020, do 13 de xuño, en relación co establecido no Acordo do Consello da Xunta do 12 de xuño de 2020, no presente ano 2020, a festividade de San Xoán, entendida como evento ou festa popular, nos termos establecidos na normativa reguladora dos espectáculos públicos e actividades recreativas, non poderá celebrarse no termo municipal de Burela no período comprendido entre a noite do 23 e o 24 de xuño, toda vez que no ámbito da nosa comunidade autónoma non se poderá celebrar ningunha verbena, festa ou evento popular ata que a Administración Pública autonómica, tendo en conta a evolución epidemiolóxica, así o permita e, en todo caso, non antes do 1 de xullo de 2020.

TERCEIRO. Por outra parte debe terse en conta que, consonte o artigo 36.1 a) da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a realización de fogueiras ou cacharelas de recreo ou ocio – como son as fogueiras ou cacharelas da festividade do San Xoán -, nas zonas agrícolas, forestais e nas zonas de influencia forestal, están prohibidas durante a época de perigo alto de incendio – isto é, entre o 1 de xullo e o 30 de setembro do 2020, consonte o disposto na Orde da Consellería do Medio Rural do 28 de maio de 2020 -, se ben, de acordo co disposto no apartado quinto do referido precepto legal autonómico, estará permitido “[...] o uso de lume nas festas locais ou de arraigada tradición popular, que requirirá autorización previa do concello, na cal figurarán, en todo caso, as medidas de seguridade e prevención de incendios forestais” - entre outras, nomeadamente, as establecidas no artigo 15 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais -.

En todo caso, no ámbito do solo urbano e urbanizable do Concello de Burela, en tanto en canto non constitúen zonas agrícolas, forestais ou zonas de influencia forestal - nos termos establecidos en dita Lei 3/2007, do 9 de abril -, esta Administración local ostenta igualmente a competencia para autorizar as fogueiras ou cacharelas nas festas ou eventos de arraigada tradición popular – como as fogueiras ou cacharelas da festividade do San Xoán -, toda vez que de conformidade co disposto nos artigos 25.2 f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 80.2 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, esta ostenta, entre outras, a competencia en materia de prevención e extinción de incendios, en dita clase de solo sito no seu termo municipal.

CUARTO. De acordo co exposto ata aquí debe sinalarse polo tanto que, no ámbito territorial do termo municipal do Concello de Burela, non se poderá celebrar ningún evento popular ao aire libre ou na vía pública, no período comprendido entre a noite do 23 e o 24 de xuño, do presente ano 2020, con ocasión da festividade do San Xoán.

A tal efecto, por motivos de saúde pública, e sobre a base do réxime xurídico exposto nos apartados primeiro e segundo do presente Bando, **o Concello de Burela, no marco das competencias que lle son propias, prohibe - e, consecuentemente, non autorizará -, a realización, con ocasión da festividade do San Xoán e no período comprendido entre a noite do 23 e o 24 de xuño, do presente ano 2020, de fogueiras ou cacharelas ao aire libre, en parcelas privadas ou na vía pública, que sexan de concorrencia pública e teñan carácter de actividade recreativa nos termos da lei de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia – e iso con independencia de que estas teñan ou non carácter lucrativo -.**

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5QE5PEPWRYZPF74KMITTKXRQ5 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 6



QUINTO. Porén, si poderá ser obxecto de autorización por parte do Concello de Burela, a realización, con ocasión da festividade do San Xoán e no período comprendido entre a noite do 23 e o 24 de xuño, do presente ano 2020, de fogueiras ou cacharelas ao aire libre, en parcelas privadas, sempre e cando sexan levadas a cabo no ámbito de actos e/ou celebracións de carácter privado ou familiar, que non se efectúen en espazos abertos ao público e que, polas súas características, non supoñan ningún risco para a integridade do dominio público, para a convivencia entre a cidadanía ou para os dereitos de terceiros.

SEXTO. Para o outorgamento da autorización para a realización das fogueiras ou cacharelas, nos termos e co alcance sinalados no apartado quinto do presente Bando, será preciso presentar a oportuna solicitude antes das 14:00 horas, do día 23 de xuño de 2020, no rexistro do Concello de Burela, ou en calquera dos rexistros das Administracións Públicas habilitados ao efecto, no que se deberán indicar os seguintes extremos:

- A) Nome e apelidos da persoa interesada e responsable da realización da cacharela e, se for o caso, da persoa que o represente.
- B) Referencia catastral da parcela privada na que se vai realizar a fogueira ou cacharela, con indicación da dirección na que esta se sitúa.
- C) Lugar e data da solicitude.
- D) Sinatura do solicitante ou acreditación da autenticidade da súa vontade expresada por calquera medio.
- E) Servizo ao que se dirixe a súa solicitude – neste caso, ao Servizo de Medio Ambiente do Concello de Burela -.

SÉTIMO. As fogueiras ou cacharelas autorizadas polo Concello de Burela, nos termos e co alcance sinalados no apartado quinto do presente Bando, deberán celebrarse con estrita suxeición ás seguintes condicións:

- A) Tanto a persoa responsable da realización da fogueira ou cacharela como as persoas que estean presentes no acto e/ou celebración de carácter privado ou familiar, deberán dar estrito cumprimento ás medidas de prevención establecidas tanto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, como no Real Decreto lei 21/2020, de 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. En particular, deberán:
 - 1. Adoptar as medidas necesarias para evitar a xeración de riscos de propagación da enfermidade COVID-19, así como a propia exposición aos ditos riscos.
 - 2. Cumprir a medida de mantemento da distancia de seguridade interpersoal de, polo menos, 1,5 metros ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física con uso de máscara, de hixiene adecuadas e etiqueta respiratoria. A obriga de uso de máscara será exixible salvo nos supostos previstos no artigo 6.2 do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño.
 - 3. Seguir as recomendacións e cumprir con todas e cada unha das obrigas que, en materia de hixiene e seguridade, establezan as autoridades sanitarias autonómicas e estatais.





B) A persoa responsable deberá realizar a fogueira ou cacharela axustándose ás seguintes obrigas:

1. A queima da fogueira ou cacharela non se iniciará antes das 20:00 horas do día 23 de xuño de 2020, e quedará totalmente extinguida como máximo ás 03:30 horas do día 24 de xuño de 2020.
2. Previamente ao seu inicio, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos 5 metros de largo, rodeando o perímetro que se vai queimar.

A fogueira ou cacharela non poderá superar a altura de 2 metros, e deberá situarse a unha distancia de como mínimo 12 metros de calquera árbore ou masa arbórea, construción, estrada, tendido eléctrico, vehículo, instalación, ou elemento análogo.

Queda prohibido colocar a fogueira ou cacharela directamente sobre calquera tipo de pavimento urbano ou, con carácter xeral, en el calquera ben de dominio público.

3. Non poderán ser obxecto de queima pneumáticos, plásticos, aceites, líquidos ou gases inflamables, envases, recipientes ou envases que conteñan ou contivesen algún tipo de gas, elementos ou obxectos de carácter explosivo, ou calquera outro elemento ou obxecto similar ou análogo aos anteriores.
4. Non poderán ser acesas - ou, no seu caso, manter o lume aceso -, as fogueiras ou cacharelas con combustibles líquidos, líquidos inflamables ou calquera tipo de acelerante.
5. Non poderá iniciarse ningunha queima cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente se fai vento. Así mesmo, se iniciada a queima se producise a aparición de vento, suspenderase inmediatamente a mesma, procedendo a apagar o lume.
6. Para a realización da queima deberá contarse co persoal e co material suficiente para o seu debido control. Dado o elevado risco que supoñen este tipo de queimas para a seguridade e saúde do persoal que as leva cabo, en ningún caso se poderán realizar individualmente, mesmo no caso de que a súa extensión sexa pequena e en principio se considere que o risco é mínimo.
7. Unha vez rematada a queima, débese comprobar que o lume queda totalmente apagado e, a continuación, procederase á limpeza dos restos que queden espaxados.

En todo caso, a persoa responsable deberá dispoñer dos medios de extinción axeitados ás características desta.

8. A autorización para a realización da fogueira ou cacharela non eximirá en ningún caso das responsabilidades das persoas responsables da súa realización polos danos sobre persoas ou bens que podan producirse como consecuencia da queima.
9. Os servizos do Concello de Burela poderán suspender a autorización para realizar a fogueira ou cacharela, se as condicións meteorolóxicas así o aconsellan.





Así mesmo, o Servizo de Protección Civil ou a Policía Local do Concello de Burela, así como os Axentes do Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil (SEPRONA),I poderán suspender a realización das fogueiras cacharelas autorizadas, ou prescribir calquera outra disposición de seguridade que estimen oportunas, ao teor das circunstancias do momento.

10. As autorizacións outorgadas só facultan á realización dunha única cacharela polas persoas expresamente autorizadas no ámbito das parcelas cuxa referencia catastral e/ou dirección se refencie na mesma.
11. As autorizacións non facultarán ou ampararán a realización de queimas de natureza agrícola ou forestal, a cuxos efectos estarase ao disposto na Lei 3/2007 de 9 de abril, de Prevención e Defensa contra incendios forestais de Galicia, e no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais

SÉTIMO. Tal e como se sinalou no apartado anterior, **para obter a autorización para a realización de fogueiras ou cacharelas nos termos do apartado quinto do presente Bando, será preciso presentar a oportuna solicitude antes das 14:00 horas, do día 23 de xuño de 2020, no rexistro do Concello de Burela, ou en calquera dos rexistros das Administracións Públicas habilitados ao efecto. O outorgamento da autorización – ou no seu caso, a súa denegación -, as condicións da mesma, e a lista de persoas autorizadas será publicada no Taboleiro de Anuncios, tanto da Sede Electrónica do Concello de Burela, como da propia Casa Consistorial.**

Para a presentación de forma presencial no Rexistro do Concello de Burela, da solicitude para a realización das fogueiras anteriormente referida, será preciso pedir cita previa chamando ao teléfono 982-586-000.

Asdo.: Alfredo Llano García
Alcalde-Presidente do Concello de Burela

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

Concello de Burela

Rúa Eijo Garay, 20, Burela. 27880 (Lugo). Tfno. 982586000. Fax: 982585945



Cod. Validación: 5QE5P5EPWRY2PF74KMTTKXRQ5 | Corrección: <https://burela.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 6